

## Criterios de inclusión na aula de Altas Capacidades

Para ter un mellor entendemento dos factores que dan acceso a aula de altas capacidades do centro (en adiante AACC) é importante mergullarse na normativa educativa e ter claros unha serie de conceptos que permitan seguir o proceso.

- **Concepto de medidas extraordinarias**

O DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle entre outros:

- **Artigo 9. Medidas extraordinarias.**

1. No marco deste decreto, considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con **necesidade específica de apoio educativo** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer **cambios esenciais no ámbito organizativo**, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

2. Para a aplicación das medidas extraordinarias será **necesaria a autorización da dirección do centro educativo**, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, **informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación**.

- **Artigo 35. Informe psicopedagógico.**

1. Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagógico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a **concreción das súas necesidades educativas**, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

- **Concepto de necesidade específica de apoio educativo (NEAE)**

# Criterios de inclusión na aula de Altas Capacidades

Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa

TÍTULO II > Equidad en la Educación > CAPÍTULO I

**Alumnado con necesidad específica de apoyo educativo**

## **Artículo 71 Principios**

2. Corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que **requieran una atención educativa diferente a la ordinaria**, por presentar necesidades educativas especiales, por dificultades específicas de aprendizaje, TDAH, **por sus altas capacidades intelectuales**, por haberse incorporado tarde al sistema educativo, o por condiciones personales o de historia escolar, puedan alcanzar el máximo desarrollo posible de sus capacidades personales y, en todo caso, los objetivos establecidos con carácter general para todo el alumnado.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUALES**

#### **Artículo 76 Ámbito**

Corresponde a las Administraciones educativas adoptar las medidas necesarias para identificar al alumnado con altas capacidades intelectuales y valorar de forma temprana sus necesidades. Asimismo, les corresponde adoptar planes de actuación, así como programas de enriquecimiento curricular adecuados a dichas necesidades, que permitan al alumnado desarrollar al máximo sus capacidades.

Como podemos observar, o acceso a aula está supeditado á existencia dunhas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Unha vez identificadas debemos dar unha resposta educativa axeitada, que no caso do noso centro se traduce no acceso á aula de altas capacidades. **Este sinxelo diagrama resume o proceso:**

## Criterios de inclusión na aula de Altas Capacidades

Detección de  
NEAE

- Implica realizar avaliación psicopedagóxica (art. 34 D229/2011) e informe psicopedagóxico (art. 35 D229/2011)

Xa co diagnóstico positivo de NEAE asociadas a altas capacidades

- Resposta educativa do centro: acceso á aula de altas capacidades (AACC)